# CONCELLO DE PORTO DO SON

Tfº: 981-867412 - Fax: 981-767358


# BANDO

## D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO, ALCALDE DO CONCELLO DE PORTO DO SON

## FAI SABER:

Que ante o escaseo da auga que se está a detectar, o que conleva que os depósitos que abastecen ás vivendas que están conectadas á rede, non dean recuperado o seu nivel para poder abastecelas, e mais aínda co aumento de poboación habitual no verán, véxome na obriga de facer un chamamento a tódolos usuarios da traída municipal de auga para que se faga un uso racional da mesma, absténdose de utilizala para usos que non sexan os propios do normal desenvolvemento dunha vivenda, como poden ser regado de fincas, lavado de vehículos, etc., incluso tamén nos **ríos Quintáns e Porto Vello,** que son os que subministran a auga ós depósitos que abastecen ás vivendas.

Espero de todos os veciños que saiban comprender o motivo do exposto, o que redundará en beneficio de todos, evitando desta maneira o ter que adoptar medidas mais drásticas, como podería ser o ter que racionar a subministración da auga.

Porto do Son, 4 de xullo de 2011

O Alcalde

ALCALDÍA DE PORTO DO SON

Asdo) José Luis Oujo Pouso